

## Bases para a instalación de postos os días 28, 29 e 30 de marzo de 2025 na “Festa da Reconquista da Vila de Vigo”

Festa de Interese Turístico Nacional

### ÍNDICE

Bases de participación e instalación de postos de venda

Anexo 1: Convocatoria: Prazo inscrición, criterios de adxudicación, ingreso e fianza

Anexo 2: Modelo de solicitude

Anexo 3: Modelo de vestiario

Anexo 4: Modelo de postos de venda

Anexo 5: Modelo de declaración responsable sobre condicións hixiénicas e técnico sanitarias  
e Modelo Declaración responsable de venda ambulante

Anexo 6: Plano de ámbito territorial do mercado

#### 1. Obxecto

O obxecto das presentes bases particulares é a regulación da participación e instalación dos postos de venda ambulante no mercado ocasional que se celebra con motivo da Festa da Reconquista da Vila de Vigo, conforme a convocatoria anual que a tal fin publicará a AVC Casco Vello dentro do primeiro trimestre do ano(anexo I).

#### 2. Postos de venda

2.1. Correspóndelle á organización a distribución dos postos, conforme co espazo dispoñible e coas súas características (tamaño, actividade, etc.) atendendo, na medida do posible, ás peticións das solicitudes. Ningunha empresa poderá optar a un posto que non se corresponda coa súa propia actividade comercial.

2.2. O espazo será de 2 x 2 metros. Enténdese como zona de venda o frontal do posto, non ningún dos laterais. Toda decoración ou actividade relacionada co posto (mobiliario, mesas, cadeiras, barra...), estará situado dentro do espazo adxudicado (**especial atención o apartado 3.4.**)

2.2.1. **Artesanía:** cada espazo dedicado á venda de artesanía, se a súa fronte ou o seu fondo non supera os 2 metros, achegará 180 € (120 € en concepto de colaboración coa festa para axuda de gastos de organización, e 60 € en concepto de fianza). por cada metro adicional ou fracción achegaran 100 € (50 € en concepto de colaboración + 50 € en concepto de fianza). O aumento de dimensións do posto deberá ser solicitado no momento da inscrición e autorizado pola organización **Non serán admitidos no mercado os postos que practiquen a revenda**, así como os que vendan diademas de flores, globos ou roupa que non sexa tradicional.

2.2.2. **Alimentación:** cada espazo dedicado a alimentación (churrerías, panaderías, rosquillas...), achegarán cada un deles 420 € (210 € en concepto de colaboración coa festa para axuda de gastos de organización + 210 € en concepto de fianza). Se a súa lonxitude ou profundidade excedese desta medida, a achega a maiores será de 100 € (50 € en concepto de colaboración coa festa e outros 50 € en concepto de fianza) por cada metro adicional ou fracción (máximo 4 x 3). O aumento de dimensións do posto deberá ser solicitado no momento da inscrición e autorizado pola organización.

2.2.3. **Hostalaría:** cada espazo dedicado a hostalaría, achegarán cada un deles 520 € (260 € en concepto de colaboración coa festa para axuda de gastos de organización + 260 € en concepto de fianza). Se a súa lonxitude ou profundidade excedese desta medida, a achega a maiores será de 120 € (60 € en concepto de colaboración coa festa e outros 60 € en concepto de fianza) por cada metro adicional ou fracción (máximo 4 x 3). O aumento de dimensións do posto deberá ser solicitado no momento da inscrición e autorizado pola organización. A organización entregara 100 vasos oficiais por metro lineal de posto.

2.2.4. **Postos de grandes dimensións:** serán considerados postos de grandes dimensións aqueles que superen os 4 metros de lonxitude ou os 3 de fondo. A achega de cada un deles será de 450 € en concepto de colaboración coa festa para axuda de gastos de organización, + 450 € en concepto de fianza (para os primeiros 12 metros cadrados, e máximo de 50 metros cadrados), Se a súa lonxitude ou profundidade excedese desta medida, a achega a maiores será de 24 € (12 € en concepto de colaboración coa festa + 12 € en concepto de fianza) por cada metro cadrado. O aumento de dimensións do posto deberá ser solicitado no momento da inscrición e autorizado pola organización. A organización entregara 100 vasos oficiais por metro lineal de posto.

2.2.5. **Postos de dimensións especiais:** serán considerados postos de dimensións especiais, aqueles que superen os 50 metros cadrados. A achega de cada un deles será de 500 € en concepto de colaboración coa festa para axuda de gastos de organización, + 500 € en concepto de fianza (para os primeiros 12 metros cadrados), Se a súa lonxitude ou profundidade excedese desta medida, a achega a maiores será de 32 € (16 € en concepto de colaboración coa festa + 16 € en concepto de fianza) por cada metro cadrado. O aumento de dimensións do posto deberá ser solicitado no momento da inscrición e autorizado pola organización. A organización entregara 500 vasos oficiais da festa.

- 2.3. A achega solicitada en concepto de fianza utilizarase única e exclusivamente para garantir o cumprimento das bases.
- 2.4. Os postos que comercialicen alimentos quentes susceptibles de verter calquera líquido aceitoso ou similar deberán protexer con material impermeable e resistente á calor **toda a superficie ocupada polo posto cun ancho de 1,50 metros a maiores na fronte onde estea o mostrador de servizo ao público**, segundo normativa municipal. Preferiblemente con material ignífugo de cor escura (moqueta industrial...). O rematar o evento a superficie terá que quedar limpa, sendo responsabilidade do posto. **O non cumprimento terase en conta de cara a vindeiras edicións**, usando a fianza para restituír o espazo, e aténdose a supervisión do Concello de Vigo, que poderá sancionar ata con mil euros dependendo do custe da reparación ou limpeza do pavimento.
- 2.5. Todos os postos contarán con recipientes destinados ao lixo, e farán a separación pertinente (envases, vidro e cartón). Ao remate da actividade deberán deixar todo limpo, tanto de posibles manchas como de calquera outro tipo de resto ou refugallo, e depositarán o lixo producido en bolsas ou sacos pechados nos colectores habilitados para tal fin por todo o recinto.
- 2.6. Os postos con alimentos confeccionarán unha listaxe de alérxenos, segundo lexislación vixente, que ubicarán nun sitio visible e á disposición da clientela, e tamén cunha listaxe de provedores para garantir a trazabilidade, con datos sobre data de adquisición, caducidade e composición para, en caso de intoxicación, identificar rapidamente a procedencia.
- 2.7. Todos os postos que se dediquen a alimentación ou que utilicen ferramentas terán que dispor dunha botica de primeiros auxilios, e todos os que utilicen lume (cociñas, carbón, etc.) deberán ter obrigatoriamente un extintor eficacia 21A-113B.

### 3. Condicións de participación

- 3.1. Todo posto que venda bebidas nas rúas ou prazas terá que utilizar os vasos "oficiais" da festa.
- 3.2. Todo posto terá que permanecer aberto durante o horario de celebración do evento. O peche ou non apertura que non sexa debidamente xustificado e autorizado dará lugar ás medidas disciplinarias que a organización considere oportunas, conforme coas bases establecidas.
- 3.3. As persoas que atendan os postos deberán ir vestidas conforme coa época na que está ambientada a festa en Vigo (para máis información consulten o Anexo 3).
- 3.4. No posto colocarse un cartel co nome comunicado na inscrición que será entregado pola organización no momento da validación do posto, **e que será o do colectivo ou empresa que o solicite**, co número asignado e os logotipos do Concello de Vigo e da AVC Casco Vello. Ademais, a organización entregará un permiso, cos datos da persoa responsable e das características do posto, á disposición de inspección de traballo, sanidade, policía, etc.
- 3.5. Todos os postos deberán estar ambientados e adornados con elementos e materiais propios da época na que transcorre a festa (principios do século XIX, ano 1809). Terán que disimular todo o material moderno, plástico, metal, etc., que se empregue para a súa construción, e para tal fin empregarán materiais tradicionais como tea de saco, xesta, canizo, etc. Non están permitidos a vista os toldos plásticos, así como cores fosforescentes.
- 3.6. Non se permitirá publicidade (pancartas, carteis, bandeiras, etc.) que non teña relación coa festa.

- 3.7. Os postos que precisen facer lume para realizar as súas funcións deberán facelo constar na solicitude. Será obrigatorio para tal fin o uso de carbón vexetal e ter as grellas correctamente illadas. Non se poderá facer lume debaixo de toldos, instalacións eléctricas, etc. Os equipos de gas contarán con conxunto regulador para gas con “casquillo”, manguera e bombona homologadas. **Quedan prohibidas as cociñas estilo “Camping Gas”.**
- 3.8. Todos os carteis, prezos e rótulos estarán redactados en galego cunha tipografía acorde coa época na que está ambientada a festa (ano 1809). A listaxe de prezos deberá estar á vista e non se poderá alterar durante os días da mesma. A música e a animación deben ter unha temática axeitada á época e calquera alteración deste espírito será motivo de apertura de expediente de sanción ao posto. Queda prohibida a instalación de aparellos reprodutores de música.
- 3.9. A organización **NON** proporcionará unha toma de corrente. **As excepcións (de habelas) serán debidamente xustificadas e autorizadas pola organización.** (os elementos autorizados disporán da marcación CE, así como as instalacións de carácter ambulante ou postos de feira que xa dispoñan de certificado de instalación rexistrado conforme o número 5.6 da ITC BT 04\* (postos de feira, atraccións, circos ou análogos).

**Non se permitirá** a instalación de xeradores eléctricos de corrente ou grupo electrógeno que funcionen con combustibles líquidos, soamente acumuladores de enerxía. No caso de autorizar algún elemento deberá cumprir os requisitos establecidos\* en ITC BT 40; ITC BT 04.

- 3.10. Montaxe do mercado, o xoves 27 de marzo entre as 19:00 h e as 23:00 h (Sempre que non interfira na vida diaria do barrio)
- 3.11. Apertura do mercado:
- **Venres 28 de marzo de 11:00 h a 23:30 h.**
  - **Sábado 29 de marzo de 11:00 h a 23:30 h.**
  - **Domingo 30 de marzo de 11:00 h a 21:00 h.**

A persoa representante do posto terá que asinar a folla de rexistro facilitada polo representante da organización na que se validarán as condicións de apertura do posto (hora efectiva de apertura, vestiario, adecuación, protección dos produtos do chan, etc.). A non sinatura da folla de rexistro significará a retirada inmediata do posto.

- 3.12. Representación: A representación da Reconquista será o domingo 30 de marzo ás 18:00 h, comezando na Porta do Sol.
- 3.13. Os vehículos deberán ser retirados do recinto antes das 10:00 horas calquera dos tres días, e non poderán volver a entrar nel ata o peche do mercado diario, e se as circunstancias de afluencia de xente así o aconsellaran e permitiran.

## 4. Seguridade e hixiene

- 4.1. As comidas serviranse en envases de barro, louza ... ou madeira. Prohíbese expresamente a utilización de materiais plásticos ou metálicos (latas) para tal fin, incluídos pratos, garfos, culleres, etc., e **prohíbese tamén a venda de botellas de vidro** para consumo inmediato, nin sequera se estes materiais están disimulados.
- 4.2. Por cuestións de hixiene, prohíbese a reutilización de envases, estes serán dun só uso ou de venda á clientela. A Organización pon a disposición dos postos vasos dun só uso co logotipo da festa en varios tamaños.
- 4.3. Todas as caixas (sacos, bolsas...) que conteñan alimentos estarán illados do chan.
- 4.4. Por prevención de contaminación cruzada, a superficie do posto estará limpa e ordenada.

- 4.5. É obrigatorio o cumprimento do Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas (sempre por persoas con carné de manipulador de alimentos). Os alimentos non poderán estar ao alcance directo do público, tendo que estar separados ou protexidos.
- 4.6. Está prohibido verter residuos sólidos ou líquidos á rede xeral de pluviais nin á de saneamento.

## 5. Disposicións finais

- 5.1. As persoas responsables dos postos terán que acudir **obrigatoriamente** á reunión de seguridade que terá lugar o venres 28 de marzo, na quenda que lle adxudiquen, e na ubicación que indique a organización. Na que se fará a implantación do plan de auto-protección, no cal se tratarán os riscos propios da actividade do mercado tradicional, as medidas preventivas a aplicar, e a resposta ás posibles situacións de emerxencia dun xeito coordinado entre os postos, a organización e os medios de auto-protección humanos e técnicos, dispostos para o evento.
- 5.2. Todo posto terá que ser retirado antes de abandonar o recinto da festa o domingo 30 de marzo.
- 5.3. Queda terminantemente prohibida a venda de alcol a menores de idade. Será responsabilidade única e exclusiva do solicitante do posto cumprir esta condición.
- 5.4. A organización non se responsabilizará do posible deterioro, furto ou perda de material ou mercadoría, polo que recomenda a súa retirada durante a noite.
- 5.5. A organización declina no posto vendedor toda responsabilidade sobre a calidade, composición, manipulación, elaboración ou prezo dos produtos por el expostos ou vendidos, así como das condicións laborais das persoas que participen nel, que terán que cumprir a lexislación laboral vixente segundo corresponda.
- 5.6. Por motivos de seguridade, orde ou limpeza poderase modificar o plano de situación dos postos no propio día da festa.
- 5.7. O incumprimento de calquera dos puntos destas bases suporá a perda total da fianza e o abandono da festa por requirimento da organización. As persoas presentes nos postos deberán respectar as accións de validación e de supervisión do persoal da organización.
- 5.8. As incidencias en materia de instalación dos postos serán resoltas pola organización de xeito motivado e inapelable, e teranse en conta para vindeiras edicións as incidencias que puideran acontecer.
- 5.9. Os acordos e actuacións da AVC Casco Vello poderán ser impugnadas polas persoas asociadas ou persoa que acredite un interese lexítimo se os estimase contrarios ao regulamento xurídico.
- 5.10. Estas bases están suxeitas a cumprir o “Protocolo de actuación con medidas hixiénico-sanitarias antiviricas fronte a unha posible situación de pandemia ou afección similar”.
- 5.11. Estas bases están suxeitas a modificacións por cambios na lexislación vixente correspondente.
- 5.12. A solicitude dun posto para participar na festa supón a aceptación total destas bases.